## Centros de crise

Estes son os centros de crise que están en marcha en Galicia. Deixamos unha listaxe para que poidas poñerte en contacto no caso de que esteas ante unha posible vítima de trata e/ou explotación sexual.

**Vigo- Hospital Álvaro Cunqueiro**
986 217 931
centrodecrise.vigo@xunta.gal

**Santiago de Compostela- Hospital Gil Casares**
981 955 976
centrodecrise.santiago@xunta.gal

**Lugo- Hospital Lucus Augusti**
982 296 761
centrodecrise.lugo@xunta.gal

**Ourense- PAC do Centro de Especialidades**
988 388 561
centrodecrise.ourense@xunta.gal

**Ferrol- Hospital Novoa Santos**
981 336 791
centrodecrise.ferrol@xunta.gal

- Se no centro sanitario non hai centro de crise, e a detección a realizas en horario de atención das/os traballadoras/es sociais, esta podería ser unha boa forma de derivación.
- No caso de realizarse noutro horario, propoñémoste unha ferramenta doada para derivar de xeito directo a unha entidade especializada.
- A ferramenta, de xeito automático, manda un email a entidade seleccionada (que podedes atopar no listado da páxina seguinte) que se poñerá en contacto coa muller o máis pronto posible, previa autorización da persoa afectada.

**Escanea este QR para comenzar a derivar**

## Entidades especializadas

### LUGO

**Aliad Ultreia:** 982 251 948/655 395 940 - muller@aliad.org
**Cáritas:** 982 242 009- mujeres@caritaslugo.es
**Diaconia:** 982 603 063 - info@diaconia.es
**Accem:** 982 257 463 / 670 532 606 - galicia@accem.es

### A CORUÑA

**Accem:** 981 168 897 / 670 532 606 - galicia@accem.es
**Cruz Vermella:** 981 221 000 - lacoruna@cruzroja.es
**Ecos do Sur:** 881 965 692 / 604 098 975 - afrodita@ecosdosur.org
**Médicos do Mundo:** 981 171 465/ 628 467 595 - galicia@medicosdelmundo.org

### SANTIAGO DE COMPOSTELA

**Fiet:** 681 059 834 / 603 230 833 - helga.pita@ongfiet.com
**Médicos do Mundo:** 981 578 182 / 600 581 754 - galicia@medicosdelmundo.org
**Programa Vagalume. Cáritas:** 981 585 515/ - 662 905 774 vagalume.cdsantiago@caritas-santiago.org

### FERROL

**Oblatas Ferrol:** 981 358 562 / 682 683 784 - oblatasferrol@gmail.com

### OURENSE

**Amaranta:** 676 019 000- ourense@fundacionamaranta.org
**Cáritas. Programa Alumar:** 988 244 650 / 617 916 026 - alumar@caritasourense.org

### PONTEVEDRA

**Faraxa:** 986 132 068 / 622 335 266 centro @faraxa
**Médicos do Mundo:** 609 121 861
galicia@medicosdelmundo.org

### VIGO

**Amar Dragoste:** 604 041 646 - sedegalicia@amardragoste.org
**Faraxa:** 986 132 068 / 622 335 266 centro@faraxa.com
**Médicos do Mundo:** 609 121 861 - galicia@medicosdelmundo.org
**Accem:** 886 906 798 / 670 532 606 - galicia@accem.es

Para situacións de especial emerxencia podes chamar ao CRI para buscar unha resposta axeitada para a situación.
881995286

XUNTA DE GALICIA

Aliad Ultreia



# INDICIOS ANTE A TRATA E/OU EXPLOTACIÓN SEXUAL

## Que observar e onde derivar

### Máis información:


Rúa Milagrosa 99-101, Lugo
www.saudealiadas.com
muller@aliad.org
982251948 / 655395940

# Observa se se dan simultaneamente varios destes indicadores:

| | |
|---|---|
| PROCEDENCIA | De orixe extranxeira. |
| IDIOMA | Descoñece o español e a cultura española. |
| DOCUMENTACIÓN | Carece de pasaporte ou outra documentación que a identifique, especialmente se di que a ten outra persoa. |
| APOIOS E REDES | Non identifica persoas de apoio en España; ven acompañada con alguén que exerce algún tipo de control. |
| DANOS FÍSICOS | Presenta algún tipo de lesión física en distinto estadio evolutivo (hematomas, queimaduras, cicatrices...) |
| DANOS SEXUAIS | Presenta algún tipo de lesión a nivel sexual, inquietude ou presenza de ITS, consultas ou prácticas reiteradas de risco para a súa saúde sexual ou sobre a interrupción do embarazo. |
| DANOS PSICOLÓXICOS | Síntomas depresivos, ansiosos, disociativos, TEPT, episodios relacionados con conduta suicida (ideación, autolesións, tentativas, etc.) |
| DANOS EMOCIONAIS | Estado anímico baixo, negativo, alterado, cambiante ou con episodios de alta intensidade e duración ou ben cambios drásticos sen explicación externa. |

# En caso de menores ter en conta tamén como factores de risco:

- Ten acceso sen control nin supervisión á tecnoloxía
- Ten relación con persoas adultas de fóra da súa contorna non xustificadas
- Recibe agasallos ou beneficios non xustificados
- Ten unha supervisión familiar baixa ou nula
- Ten unha actividade sexual de inicio temperá, con condutas de risco reiteradas, uso reiterado da pastilla do día despois, interrupción do embarazo, consumo de anticonceptivos sen supervisión médica...

# Boas prácticas

- Ter un momento a soas coa persoa para asegurarse de que non hai presións/control por parte das/dos acompañantes.
- Establecer un clima de confianza nun espazo seguro e amigable
- Ante barreiras idiomáticas, asegurarse de que hai compresión suficiente e se non empregar os métodos dispoñibles **(non recorrer ao/á acompañante)**
- No caso de observar indicios de que é vítima de trata e/ou explotación sexual, e se ela non o verbaliza, non trasladarlle directamente a sospeita pero actuar de cara a derivala

Na seguinte paxina web poderás atopar **formación especializada, ferramentas de traballo actualizadas** e **información xeral** de interese profesional:

**www.saudealiadas.com**

Se o/a profesional detecta que concorren varios dos indicadores é importante actuar de xeito inmediato xa que é posible que **a muller non volva a ter posibilidade de achegarse a un recurso onde a poidan axudar.**

## Como?




Os **centros de crise** son servizos 24 h especializados na atención e recuperación integral para mulleres **vítimas ou supervivientes de calquera tipo de violencia sexual.**

Se existe este servizo na túa localidade contacta con elas para que poidan realizar unha **primeira atención** coa muller. As profesionais poderán atender e avaliar de xeito máis próximo e exhaustivo a situación da muller e derivar a **entidade especializada** no caso de identificar indicios de que a muller estea a ser explotada.

No revés deste tríptico podes atopar os **diferentes recursos nomeados.**